

PROBLEMAS DE FRACCIÓNS

- Os $\frac{2}{5}$ e $\frac{1}{3}$ dunha estaca están somerxidos en area e auga. Que fracción da estaca hai fóra da auga?
- Uns amigos percorren 105 km en bicicleta. O primeiro fan $\frac{1}{3}$ do camiño e o segundo día $\frac{4}{15}$, deixando o resto para o terceiro día. Cantos quilómetros percorren cada día?
- Nun depósito había 3000 litros de auga e estaba cheo. Un día gastouse a sexta parte e outro 1250 litros. Que fracción do depósito queda?
- Da superficie dunha finca véndense os dous terzos e despois os catro sextos do resto. Ao finalizar as vendas quedan $6000 m^2$. Que fracción do total representa esa área? Canto medía a superficie orixinalmente?
- Dos 300 libros dunha biblioteca, $\frac{1}{6}$ son poesía, 180 de novela e o resto de historia. Que fracción representan os libros de historia?
- Dun depósito de aceite, baléirase a metade; do que queda, baléirase outra vez a metade, despois, os $\frac{11}{15}$ de resto. Se ao final quedan 36 litros, cantos había ao principio?
- Compro a prazos unha bicicleta que vale 540 €. Pago o primeiro mes os $\frac{2}{9}$; o segundo os $\frac{7}{15}$ do que me queda por pagar, e despois, 124 €.
 - Canto paguei cada vez.
 - Que parte do prezo me queda por pagar?
- Unha mestura de cereais está composta por $\frac{7}{15}$ de millo, $\frac{9}{25}$ de arroz e o resto de avea.
 - Que parte de avea ten a mestura?
 - Que cantidade de cereal haberá en 600 g de mestura?
- Nunha cadea de hipermercados traballan 450 persoas: $\frac{1}{3}$ son rubias, $\frac{2}{5}$ teñen o pelo castaño e o resto negro.
 - Que fracción do total ten o pelo negro?
 - Cantos empregados teñen o pelo de cada cor?
 - Se $\frac{2}{3}$ das persoas que teñen o pelo negro son mulleres, cantas mulleres co pelo negro hai?
- Enchemos un bidón de auga ata a metade da súa capacidade, despois sacamos $\frac{2}{5}$ da auga. Se no bidón quedan 12 litros, que capacidade ten o bidón?
- Vendemos $\frac{1}{3}$ dun solar a unha persoa e $\frac{3}{7}$ do resto a outra, quedando sen vender 630 metros cadrados. Que extensión tiña o solar?
- Unha persoa gasta $\frac{3}{10}$ do seu soldo en comida e gasta $\frac{2}{5}$ no aluguer da súa vivenda. Que fracción do soldo lle queda?
- Unha billa A enche un depósito de auga en 2 horas, e outra billa B, en 3 horas. O depósito ten unha billa de saída que o valeira en 6 horas (estado as billas de entrada pechadas). Se abrimos as dúas billas de entrada e o de saída, canto tempo tardará en encherse o depósito?
- Tres persoas ganan un premio que reparten do seguinte xeito: á primeira correspóndenlle os $\frac{2}{5}$ do total; á segunda $\frac{2}{3}$ do que recibiu a primeira, e á terceira o resto. Cada unha doa a sexta parte a unha asociación. Se a segunda obtivo 36 € despois de doar a súa parte, que fracción do total recibiu cada unha? Que cantidade corresponde a cada unha?
- Un grupo de persoas foron comer a unha pizzería e elixiron tres tipos de pizza, A, B e C. Cada un tomou $\frac{1}{2}$ de A, $\frac{1}{3}$ de B e $\frac{1}{4}$ de C. Pediron en total 17 pizzas e non sobrou ningunha enteira.
 - Tomaron máis ou menos dunha pizza por cabeza?
 - Cantas persoas eran?
 - Cantas pizzas de cada tipo encargaron?
 - Sobrou algo?
- Nunha receita para facer marmelada de figos lese: "engadir 400 g de azucre e 100 g de auga por cada quilo de figos. Tres persoas, A, B e C, elaboraron estas cantidades:
A persoa A: 2 botes de $\frac{5}{8}$ kg e 4 botes de $\frac{9}{25}$ kg
A persoa B: 3 botes de $\frac{1}{5}$ kg e 3 botes de $\frac{5}{8}$ kg
A persoa C: 5 botes de $\frac{9}{25}$ kg e 2 botes de $\frac{1}{5}$ kg
 - Cal das tres preparou máis cantidade?
 - Se unha persoa pide $\frac{3}{4}$ de quilo, cal será a forma de entregarlle a cantidade máis próxima?
 - Se a auga se evaporou durante a cocción, cal é a proporción de azucre que ten a marmelada?